

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

ORDE do 7 de xuño de 2018 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas na Orde do 26 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións para o fomento do emprendemento en economía social (programa Aprol-economía social), cofinanciadas parcialmente con cargo ao programa operativo do Fondo Social Europeo, e se convocan para o ano 2018.

O obxecto da Orde do 26 de decembro de 2017 (DOG núm. 18, do 25 de xaneiro de 2018) é establecer as bases reguladoras que rexerán a concesión de subvencións da Consellería de Economía, Emprego e Industria, en réxime de concorrencia non competitiva, coa finalidade de fomentar a incorporación de persoas desempregadas e persoas traballadoras temporais a cooperativas e sociedades laborais e proceder á súa convocatoria para o ano 2018, a través de dous programas.

A citada orde establece no seu artigo 4, en que se recolle o financiamento, que estes importes poderán verse modificados ou incrementados con fondos comunitarios, da Comunidade Autónoma de Galicia ou da Administración do Estado como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás subvencións cofinanciadas polos fondos europeos, todo iso de acordo co artigo 30 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En consecuencia, como existen dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, procedentes de créditos incorporados do exercicio anterior e coa finalidade de facer chegar as axudas ao maior número de persoas ou entidades beneficiarias posible, conforme o establecido no artigo 30 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, cómpre ampliar o importe total dos créditos destinados ás axudas que se van conceder ao abeiro dos programas I e II de fomento do emprendemento en economía social regulados na Orde do 26 de decembro de 2017.

Así pois, de acordo co exposto e co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, así como nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral



de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de subvencións, e en virtude das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:**Artigo 1. *Incremento de financiamento***

Incrementábase en 350.000 euros o importe total destinado á concesión das axudas ao abeiro dos programas I e II da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria, do 26 de decembro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións para o fomento do emprendemento en economía social (programa Aprod-economía social), cofinanciadas parcialmente con cargo a programa operativo do Fondo Social Europeo, e se convocan para o ano 2018 (DOG núm. 18, do 25 de xaneiro de 2018), quedando a orde cun importe total de 2.150.000 €.

Este incremento afecta os programas I e II da orde, de acordo coa seguinte distribución:

Programa I (TR802G): 200.000,00 € (09.40.324C.470.0; proxecto 2016 00306).

Programa II (TR802J): 150.000,00 € (09.40.324C.470.1; proxecto 2016 00306).

Este incremento da dotación aténdese con fondos finalistas incorporados do mesmo servizo e programa; os ditos fondos incorporáronse no proxecto 2016 00306, na aplicación orzamentaria 09.40.324C.470.1, que figura dotada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

Artigo 2. *Prazo de solicitude*

Esta modificación non afecta os prazos establecidos para a presentación de solicitudes na Orde do 26 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións para o fomento do emprendemento en economía social (programa Aprod-economía social), cofinanciadas parcialmente con cargo ao programa operativo do Fondo Social Europeo, e se convocan para o ano 2018.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2018

Francisco José Conde López
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria

